

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 10 de xaneiro de 2019 pola que se dá publicidade á rectificación por erro da resolución de concesión das axudas para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.*

Mediante Resolución do 31 de outubro de 2018 (DOG núm. 213, do 8 de novembro) anunciouse a publicación do texto completo da resolución definitiva do 26 de outubro de 2018 de concesión das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Na citada resolución indicábase que o texto completo da resolución non se publicaba no DOG na súa integridade en virtude da cautela prevista no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e que se publicaría no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es) na epígrafe de «Consulta de resolucións definitivas» <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>).

Advertido un erro no devandito texto completo da Resolución do 26 de outubro de 2018 e de acordo co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos,

#### RESOLVO:

Primeiro. Anunciar a publicación da rectificación por erro do 14 de decembro de 2018, da Resolución definitiva do 26 de outubro de 2018 de concesión das axudas do Igape para a execución de accións de promoción exterior das empresas galegas (Galicia Exporta Empresas), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es) (epígrafe «Consulta de resolucións definitivas» <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>).



Habílitate un prazo de 10 días naturais para que os titulares dos expedientes que se corrixen accedan á oficina virtual do Igape, no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es) (epígrafe «Consulta de resolucións definitivas» <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>), utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, para descargar a súa resolución individual de rectificación por erro. Transcorrido o devandito prazo desde a posta á disposición da resolución individual sen que se acceda ao seu contido entenderase rexeitada.

Segundo. As resolucións individuais de rectificación por erro, segundo o establecido no punto primeiro, esgotan a vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte do acceso á resolución individual, ou a partir do día en que se puxo á súa disposición no caso de non acceder ao seu contido. Non obstante, previamente poderase interpoñer recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte do acceso á resolución individual, ou a partir do día en que se puxo á súa disposición no caso de non acceder ao seu contido.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2019

O director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica  
P.S. (Acordo do Consello de Dirección do 29.3.2012)  
Pablo Casal Espido  
Secretario xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

